

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 08-10-2020, ditou a resolución con número 2420/2020 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

#### **CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADE XERAL DURANTE O ANO 2020.**

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2020 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2020", e as "Bases específicas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2020"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 87, de 15 de xuño de 2020.

Posteriormente publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 96, de 29 de xuño de 2020, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, rematou o prazo de presentación de solicitudes o 20 de xullo de 2020, sendo presentadas a totalidade dentro do prazo establecido na convocatoria

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2412/2020 do 7 de outubro, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 8 de setembro de 2020, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de resolución provisional. Visto o cal,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Non admitir as solicitudes que figuran non Anexo 1, polos motivos que se indican.

**Segundo.-** Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2020 ás entidades que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 100.000,00 €. Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

**Terceiro.-** Autorizar ás entidades sinaladas no Anexo 3, e para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan, por atoparse nalgunha das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, o cal solicitaron facendo constar expresamente que os seus importes se axustan a criterios de mercado.

**Cuarto.-** Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases xerais da convocatoria, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos de constitución da mesma e os que se derivan do proxecto subvencionado.

**Quinto.-** Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2020/A002/000012  
Exp. 2020/G003/002505

**Sexto.-** Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

**Anexo 1.- Subvencións para para o financiamento de organización de proxectos de actividade xeralano 2020. Entidades Exluídas.**

Solicitudes Exluídas						
Nº	Solicitante	CIF/NIF	Expediente Nº	Proxecto a Subvencionar	Importe Solicitado	Motivo
1	ACDR Amig@s das motos clásicas de Bergantiños	G15981335	2020/A003/000546	Motociclismo 2020	16.000,00 €	Desistencia da solicitude

## Anexo 2.- Subvencións para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2020. Concesión Provisional.

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2020. Concesión Provisional.							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Coef Fin	Orza. SBV. Xust.
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Equipos federados de natación e triatlón.	47,23	<b>9.289,49 €</b>	0,2000	46.447,85 €
2	Asociación Deportiva Xiria	G15113376	Promoción do voleibol e desenrolo das diversas competicións.	27,10	<b>5.330,19 €</b>	0,3345	15.934,80 €
3	Atletismo Carballo	G70386248	Proxecto Deportivo Anual 2020.	15,20	<b>2.790,00 €</b>	0,2978	9.370,00 €
4	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	Actividade Xeral para a Promoción do Deporte Federado durante o ano 2020.	39,45	<b>7.759,26 €</b>	0,3422	22.674,63 €
5	Club Ciclista Carballo	G15208879	Escolas de Ciclismo.	17,37	<b>3.416,44 €</b>	0,6944	4.919,99 €
6	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	Actividade Xeral Federada do club xadrez O Toque Xiria Carballo 2020.	12,02	<b>1.932,00 €</b>	0,6900	2.800,00 €
7	Club Deportivo Razo	G70564547	Actividade Deportiva Club Deportivo Razo 2020	8,72	<b>579,00 €</b>	0,2245	2.579,00 €
8	Escola Basket Xiria	G70045844	Promoción do Baloncesto e competición federada Escola Basket Xiria 2020.	76,39	<b>15.024,85 €</b>	0,2581	58.213,29 €
9	Escola Lubiáns de Hóckey a Patíns	G15149230	Escola Lubiáns de Hockey e Patinaxe.	38,33	<b>3.000,00 €</b>	0,1429	21.000,00 €
10	Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Promoción Balonmán nas Competicións.	93,80	<b>18.449,15 €</b>	0,1667	110.672,77 €
11	Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz	G15794589	Fomento do Deporte Base no Concello de Carballo.	55,10	<b>10.837,40 €</b>	0,5635	19.232,30 €
12	Judo Club Bergantiños	G70457411	Judo Federado 2020 e Circuito Copas de España.	12,38	<b>2.434,97 €</b>	0,7000	3.478,53 €
13	Karate-Do Carballo	G70319744	Actividade Xeral e adquisición de material deportivo durante o ano 2020.	5,74	<b>1.128,98 €</b>	0,7000	1.612,83 €
14	S.D. San Lorenzo de Berdillo	G15321060	Actividade deportiva 2020.	8,48	<b>1.667,90 €</b>	0,5992	2.783,54 €
15	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Salvamento Deportivo 2020	36,90	<b>7.257,72 €</b>	0,5033	14.420,27 €
16	Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	SD Sofán Actividade Deportiva 2020	45,25	<b>8.900,04 €</b>	0,4000	22.250,10 €
17	Virgentis Salvamento Bergantiños	G70576483	Salvamento e Socorrismo Virsal 2020	1,03	<b>202,61 €</b>	0,6667	303,90 €
<b>Total</b>					<b>100.000,00 €</b>		

**Anexo 3.- Entidades autorizadas para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratando cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan.**

Solicitante	CIF/NIF	Proxecto a Subvencionar	Empresa o persoa ca que se contrata.	Descrición do gasto.	Importe Solicitado
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Actividade Xeral dos equipos federados de natación e triatlón.	G.A.N.	Salario Adestrador e Director Xeral.	36.000,00 €
			M.T.V.B.	Asesoría Fiscal e Contable da Entidade.	1.500,00 €
			J.F.P.C.	Mantemento Vehículos da Entidade.	1.500,00 €
Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz	G15794589	Fomento do Deporte Base no Concello de Carballo.	D.I.B.	Coordinado: Salario + SS.	10.234,00 €
Karate-Do Carballo	G70319744	Actividade Xeral e adquisición de material deportivo durante o ano 2020.	A.F.G.	Técnico Entrenador: Salario + SS.	3.000,00 €

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes